

Módulo 1. O novo modelo curricular galego e a programación didáctica**Tarefa 1**

Documento modelo para elaborar a tarefa

Nome e apelidos: XOSÉ ANTÓN VICENTE RODRÍGUEZ

Paso 1: Indica os datos da área/materia/ámbito e da etapa e curso sobre os que vas traballar.

Área/materia/ámbito	CIENCIAS DA NATUREZA
Etapa e curso	3º DE PRIMARIA

Paso 2:

2.1. Escolle un criterio de avaliación (CA) dun dos bloques de criterios de avaliación e contidos da área/materia/ámbito e da etapa e curso. Atoparalos na epígrafe 1.3 do currículo elixido.

2.2. Analiza os contidos dese bloque e indica que contido/s relacionarías co CA elixido (lembra que os CA son os referentes para a avaliación dos contidos).

Bloque (nº e nome)	Bloque 2. A vida no noso planeta
--------------------	----------------------------------

CA elixido (código e texto)	A2.3. Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.
--------------------------------	---

Contido/s relacionados co CA	- Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias - Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción
---------------------------------	---

Paso 3:

3.1. Localiza o número de obxectivo (OBX) vinculado co CA elixido. Atoparalo na táboa do bloque -epígrafe 1.3 do currículo elixido-, ao carón do CA elixido.

3.2. Busca o texto do obxectivo no currículo e indícao na táboa proposta. Atoparás o texto cos obxectivos na epígrafe 1.2 do currículo.

3.3. Busca no currículo da área/materia/ámbito elixido a vinculación dese obxectivo cos descritores das competencias clave. Atoparás as vinculacións no apartado 1.4 do currículo.

3.4. Busca eses descritores no Anexo I do Decreto e recólleos na táboa.

Obxectivo (nº e texto)	OBX3. Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso.
------------------------	--

Descritores das competencias clave vinculados co Obxectivo elixido (sigla da competencia clave, nº e texto)	- STEM1. Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega algunhas estratexias para resolver problemas reflexionando sobre as solucións obtidas. - STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, facéndose preguntas e realizando experimentos sinxelos de forma guiada - STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes dalgúns métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e veraz, utilizando a terminoloxía científica apropiada, en diferentes formatos (debuxos, diagramas, gráficos, símbolos...) e aproveitando de forma crítica, ética e responsable a cultura dixital para compartir e construír novos coñecementos.
---	---

Módulo 1. O novo modelo curricular galego e a programación didáctica**Tarefa 1**

Documento modelo para elaborar a tarefa

- STEM5. Participa en accións fundamentadas científicamente para promover a saúde e preservar o medio ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética e seguridade e practicando o consumo responsable.

- CD1. Realiza procuras guiadas en Internet e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información (palabras clave, selección de información relevante, organización de datos...) cunha actitude crítica sobre os contidos obtidos.

- CC4. Comprende as relacións sistémicas entre as accións humanas e a contorna, e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade desde unha perspectiva tanto local como global.

- CE1. Recoñece necesidades e retos que afrontar e elabora ideas orixinais, utilizando destrezas creativas e tomando conciencia das consecuencias e efectos que as ideas puidesen xerar na contorna, para propoñer solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas.

CCEC1. Recoñece necesidades e retos que afrontar e elabora ideas orixinais, utilizando destrezas creativas e tomando conciencia das consecuencias e efectos que as ideas puidesen xerar na contorna, para propoñer solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas.

Paso 4:

Analiza a información recompilada e describe brevemente como planificarías o proceso de ensino e de aprendizaxe do criterio de avaliación (CA) e contido/s do bloque, tendo en conta a súa vinculación co obxectivo e cos descritores das competencias clave. A proposta non ten que cingirse a ese CA e contido, xa que ao tratarse dun currículo competencial e de estar contextualizados nun bloque, a súa implementación pode vincularse con outros CA ou contidos nunha proposta didáctica máis ampla. Recoméndase, para facer este deseño, a lectura das liñas de actuación que se recollen na epígrafe 1.4 do currículo.

Proposta de deseño de situacións de ensino e de aprendizaxe

A nivel metodolóxico partiremos dun **enfoque globalizador e interdisciplinar** que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Traballaremos o concepto de biodiversidade dende o paradigma da **aprendizaxe cooperativa** onde:

- O proceso de ensino-aprendizaxe está altamente estruturado polo docente
- O alumnado traballa en pequenos grupos para maximizar a súa propia aprendizaxe e a dos demais.
- Hai unha división de tarefas entre os membros do grupo.
- O coñecemento e a experiencia persoal está ao servizo do equipo.
- O mestre incide de xeito central na estruturación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Con estes principios o alumnado en grupos de 4 fará unha **ecoauditoría** sobre o estado da súa propia clase, do seu centro e do seu barrio. Toda a documentación de recollida de datos será deseñada por eles mesmos.

As **auditorías ambientais** ou **ecoauditorías** son un instrumento que supón a avaliación e mellora ambiental dos propios centros. Este procedemento ten unha gran utilidade didáctica xa que pon ao alcance do alumnado solucións accesibles e próximas ás problemáticas ambientais.

Proporemos igualmente a confección de carteis sobre **especies ameazadas e especies exóticas invasoras en Galicia** tras o traballo da unidade didáctica da miña autoría: <http://engalego.es/conmemoracions/6> . Estes carteis serán

Módulo 1. O novo modelo curricular galego e a programación didáctica**Tarefa 1****Documento modelo para elaborar a tarefa**

	pegados polo centro e barrio e realizados coa ferramenta online Canva
--	---

Paso 5:

5.1. Propón un CA novo e un contido novo para o bloque de criterios de avaliación e contidos que elixiches no paso 3.

5.2. Indica o obxectivo co que relacionarías ese CA novo que propós (revisa no documento no que se presentan os contidos do módulo 1 -epígrafe 1.3.1. *A estrutura do currículo galego*- a forma de redactar os CA: acción co verbo en infinitivo + obxecto da acción en forma de contido + contexto de aprendizaxe sinalando como se fai a acción).

5.3. Indica os descritores das competencias clave cos que se relaciona ese obxectivo no contexto dese CA. Recorda que tes que buscar eses descritores no Anexo I do Decreto e recólleos na táboa.

CA novo	CAnovo. Recoñecer no medio natural que nos rodea as principais especies vexetais: árbores, arbustos e herbas.
---------	---

Contido novo relacionado co CA proposto	- Clasificación das especies vexetais (árbores, arbustos e especies herbáceas) da contorna próxima, a través das súas características observables e mediante claves dicotómicas, para finalmente deseñar un documento de catalogación onde poidamos rexistralas.
---	--

Obxectivo vinculado ao CA proposto	OBX3. Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso.
------------------------------------	--

Descritores das competencias clave vinculados co Obxectivo elixido	- STEM1. Utiliza, de maneira guiada, algúns métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega algunhas estratexias para resolver problemas reflexionando sobre as solucións obtidas. - STEM2. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar algúns dos fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, facéndose preguntas e realizando experimentos sinxelos de forma guiada - STEM4. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes dalgúns métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e veraz, utilizando a terminoloxía científica apropiada, en diferentes formatos (debuxos, diagramas, gráficos, símbolos...) e aproveitando de forma crítica, ética e responsable a cultura dixital para compartir e construír novos coñecementos. - STEM5. Participa en accións fundamentadas científicamente para promover a saúde e preservar o medio ambiente e os seres vivos, aplicando principios de ética e seguridade e practicando o consumo responsable. - CD1. Realiza procuras guiadas en Internet e fai uso de estratexias sinxelas para o tratamento dixital da información (palabras clave, selección de información relevante, organización de datos...) cunha actitude crítica sobre os contidos obtidos. - CC4. Comprende as relacións sistémicas entre as accións humanas e a contorna, e iníciase na adopción de estilos de vida sustentables, para contribuír á conservación da biodiversidade desde unha perspectiva tanto local como global. - CE1. Recoñece necesidades e retos que afrontar e elabora ideas orixinais, utilizando destrezas creativas e tomando conciencia das consecuencias e efectos que as ideas puidesen xerar na contorna, para propoñer solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas. - CCEC1. Recoñece necesidades e retos que afrontar e elabora ideas orixinais,
--	---

Módulo 1. O novo modelo curricular galego e a programación didáctica

Tarefa 1

Documento modelo para elaborar a tarefa

	utilizando destrezas creativas e tomando conciencia das consecuencias e efectos que as ideas puidesen xerar na contorna, para propoñer solucións valiosas que respondan ás necesidades detectadas.
--	--

* Nota: exporta a tarefa a PDF (menú superior *Archivo > Exportar a > Exportar a PDF* e súbea ao apartado correspondente da aula virtual (*Engadir entrega > Entregas de ficheiros > Gardar os cambios*).